

As actividades de ciencias naturais desta semana están encamiñadas á creación de anuncios para a radio falando do problema dos plásticos para o noso planeta e propoñendo solucións e cousas que vós xa facedes para evitar o consumo de plásticos.

É OBLIGATORIO MANDAR MÍNIMO TRES ANUNCIOS. ESTE **SERÁ UN TRABALLO DE PLÁSTICA, NATURAIS, GALEGO** E COLABORACIÓN COA BIBLIOTECA NO PROXECTO DESPLASTIFÍCATE.

1º - MANDARÉDESME UN WHATSAPP escrito CON TRES ANUNCIOS FEITOS OU PREPARADOS POR VÓS.

2º Revisarei os tres anuncios. Cando estean ben e non teñen faltas ortográficas nin de expresión teredes que facer nun folio un debuxo que os acompañe e escribir o anuncio con letras bonitas.

3º Ese anuncio tamén será gravado nun audio de whatsapp que me enviaredes para emitilo nos programas da radio. Así que a gravación será cando teñades lido o voso anuncio moitas veces antes de gravarvos.

4º Coas fotos dos anuncios e as vosas frases farei un power-point e mandareino á Biblioteca para que o publiquen no Blog dentro do proxecto desplastifícate.

## Preguntádeme calquera dúbida para facelo ben

Os textos que van a continuación van a axudarvos a facer anuncios ou consellos para limitar o consumo de plástico.

### TEXTO 1:

O plástico é ante todo un problema. É un contaminante que, precisamente pola súa abundancia e baixo custo, lánzase con facilidade cara ó medio ambiente ocasionando todo tipo de contratemplos, desde a morte de animais por asfixia, por comelos ou por enredarse con eles, ata a degradación de ecosistemas e, nun caso extremo moi difundido recentemente, formando concentracións nos xiros ou vórtices que se forman no centro dos océanos debido ás correntes circulares, moi especialmente a chamada *gran mancha de plástico que hai no Océano Pacífico*. Non se trata, como cren algúns, dunha masa compacta de plástico, senón dunha alta concentración de fragmentos que, aínda que non se poden ver desde o aire ou desde o espazo, teñen un efecto daniño no ecosistema mariño.



## TEXTO 2:

Como reducir o consumo de plástico nas familias con nenos.

Dámosche **10 bos consellos** para reducir o desmesurado uso de plásticos a nivel familiar:

- **Fóra palliñas** (pajitas)

Segundo datos de Greenpeace España, o noso país consome máis de 5.000 millóns de palliñas de plástico ao ano. Salvo que sexa por imperativo médico –e aínda así existen palliñas de papel ou metálicas–, o mellor é afacer aos nenos a que beban sen ela.



- **Os xeados, mellor en cornete**



Nas xaderías a mellor opción é elixir un cornete no canto dun vasiño cunha culler de plástico. Parece un xesto que non mellorará o medio ambiente, pero calquera pequeno acto é importante na loita contra o uso abusivo de plásticos.

- **Limpeza comunitaria:**

Estas accións, ademais de limpar a contorna e sensibilizar sobre os comportamentos incívicos, tamén poden cambiar as leis. Os grupos que realizan as limpeza pesan os refugallos recolleitos, o que axuda ás autoridades responsables a tomar decisións sobre leis que animen ás persoas para xerar menos lixo e a desfacerse dela de forma correcta. En Europa celébrase cada cada ano a Semana Europea da Prevención de Residuos con accións como as limpeza programadas de espazos públicos. Estas accións son unha maneira moi interesante de que os máis pequenos aprendan a importancia dos residuos.



- **Menos botellas**



As botellas de auga reutilizables están á orde do día: son baratas, evitan residuos plásticos e hainas de mil formas, tamaños e modelos. O mellor é deixar que os nenos escollan unha e responsabilícense dela.

- **Bolsas de aniversarios, son necesarias?**

Moitas persoas regalan bolsas de lambetadas e agasallos nas festas de aniversarios. Uns días despois da festa, eses pequenos xoguetes de plástico que acompañan ás lambetadas e os seus envoltorios terminan no lixo. Elixir algún obsequio que non sexa de plástico, como lambetadas ou doces caseiros é a mellor opción. Seguro que, ademais, son máis saudables.



- **Comprar coa cabeza:**



Os artigos que compramos por Internet e enviánnos a casa a miúdo veñen envolvidos en plástico. Existen alternativas, como comprar xoguetes de segunda man, compartir algúns deles, fabricar xoguetes caseiros con elementos cotiáns ou mesmo pedir cousas prestadas.

- **A merenda dos nenos:**

Utilizar envoltorios de tea para os bocadillos de media mañá ou da merenda ou poñer unha peza de froita nunha bolsa de tea son dúas alternativas aos clásicos envoltorios de plástico. Mesmo poden ser os nenos e nenas os que confeccionen e decoren eles mesmos as bolsas de tea, o cal fará que os nenos se impliquen máis na loita contra os plásticos.



- **Xoquetes na praia**



Na praia, o mellor é sempre asegurarse que os cubos, pas, anciños, pelotas e flotadores de plástico non llos leva o mar, e que non quedan esquecidos. Implicar aos nenos no coidado dos xoquetes serve ademais para que tomen conciencia e gañen responsabilidades coa idade.

- **Unha boa reciclaxe**

Non todos os plásticos pódense reciclar, pero moitos si o son. Informarse e comentalo cos nenos pode animar aos máis pequenos a reciclar e falalo cos seus amigos e profesores.



- **Compra a granel**



Os produtos como legumes, cereais, pasta, arroz, froitos secos... pódense comprar a granel. Para involucrar ós nenos na compra dos produtos levando de casa os propios envases pódeseles pedir que decoren os recipientes en función de que vaian conter. Ademais de estimular a súa creatividade conciénciaselles da importancia do consumo responsable.

**Como reducir o consumo de plástico nas familias con nenos e nenas?**

É moi posible que na casa ou nos bares usemos palliñas de plástico, botellas de auga e bolsas de plástico, e que tras un breve uso, ás veces de apenas uns minutos, non volvamos a utilízalos. Estes artigos dun só uso non desaparecen cando os tiras ao lixo e representan máis do 40% dos refugallos de plástico. Cada ano, máis de oito millóns de toneladas de lixo plástico acaban no océano. Estes residuos poñen en perigo a fauna mariña, contaminan a auga e ameazan a saúde humana.

As estatísticas son aterradoras, pero pensade que os nenos e nenas somos unha arma secreta perfecta para frear o uso do plástico na nosa familia.

Moitos nenos e nenas estades preocupados polos animais –desde logo non queredes ver a unha tartaruga mariña sufrindo porque ten unha palliña de plástico cravada nun orificio nasal– e penso que cada vez somos máis conscientes de que están a herdar un planeta en crise. Pequenos cambios nas rutinas familiares poden axudar a que nós os nenos e nenas teñamos un importante papel na loita contra o plástico. Imos a empezar con estes consellos.